

II CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)

A Universidade da Coruña publica a II convocatoria para seleccionar os membros para os Comités de Avaliación Docente (CAD) dentro do Programa Docentia da UDC para a avaliación da actividade docente do seu profesorado:

PRAZAS QUE SE CONVOCAN

- o 2 prazas para o Comité de Avaliación da Rama de Arte e Humanidades
- o 2 prazas para o Comité de Avaliación da Rama de Ciencias da Saúde
- o 2 prazas para o Comité de Avaliación da Rama de Ciencias
- o 2 prazas para o Comité de Avaliación da Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
- o 2 prazas para o Comité de Avaliación da Rama de Enxeñarías e Arquitecturas

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES DOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE (CAD)

- o Valorar o conxunto das actividades docentes que realiza un profesor/a apoiándose na información, recollida mediante os métodos e técnicas especificados no procedemento de avaliación.
- o Realizar un informe individual sobre a actividade docente de cada profesor/a.
- o Asistir á reunión de consenso do CAD en que se elabora o informe do CAD de cada profesor/a .
- o Velar pola transparencia e rigor do proceso así como pola confidencialidade dos datos.
- o Propoñer posibles melloras ao procedemento.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

O profesorado interesado debe presentar a solicitude de participación no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol) dirixida ao Sr. Reitor da UDC, de acordo co formulario que se xunta, antes das 14:00 h do día 21 de maio de 2012.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

No procedemento de selección valoraranse os seguintes criterios:

- Criterio de calidade da súa actividade docente: profesorado permanente con, polo menos, 3 quinquenios e que xa fora avaliado satisfactoriamente mediante o Programa Docentia.
- Criterio de pluralidade: integrado por avaliadores de diferentes áreas de coñecemento.
- Criterio de xénero: procurarase que a composición entre homes e mulleres sexa equilibrada.
- Criterio de representatividade: diferentes categorías de profesorado dependendo do universo obxecto de avaliación.
- Criterio de experiencia en avaliación.
- Criterio de incompatibilidade por cargo.
- Criterio de non coincidencia por formar parte doutros comités de avaliación docente.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do profesorado para formar parte dos Comités de Avaliación Docente será realizada pola Comisión Interna da Universidade (CIU), aprobada no Consello de Goberno do día 20 de xaneiro de 2009, constituída polas seguintes persoas:

- o **Presidente:**
Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías: Julio E. Abalde Alonso
- o **Secretaria:**
Técnica da UTC: Ana Beatriz Iglesias Blanco (que actuará con voz pero sen voto)
- o **Vogais:**
Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente: Gustavo Rego Veiga
Director da UTC: Miguel A. González Valeiro
Coordinadora da Comisión de Formación e Asesoramento: Alicia Risso Migue
Técnico responsable da avaliación docente no SIC: Santiago Bort Couceiro
Cinco profesores:
 - o Rama de Arte e Humanidades: D.^a M.^a Jesús Lorenzo Modia
 - o Rama de Ciencias da Saúde: D. Sergio Santos del Riego
 - o Rama de Ciencias: D.^a Elvira Sahuquillo Balbuena
 - o Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas: D. Xurxo Dopico Calvo
 - o Rama de Enxeñarías e Arquitecturas: D.^a Concepción Vidal Martín
- Dous estudantes:**
 - o Amelia Fraga Mosquera
 - o Luís Miguel Puente Castelo

A esta reunión asistirá, con voz pero sen voto, un/unha representante da Xunta de Persoal do PDI.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A CIU seleccionará os membros dos CAD da propia universidade aplicando os criterios expostos anteriormente.

FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. As persoas interesadas remitiranlle as súas solicitudes á UDC (apartado relativo á formalización de solicitudes), onde mencionarán os seus datos en relación cos criterios de selección expostos nesta convocatoria, antes do 21 de maio de 2012. A CIU comunicaralles ás persoas interesadas a resolución provisional por correo electrónico, antes do 08 de xuño. O día seguinte da súa publicación abrirase un prazo de 10 días naturais para a presentación de reclamacións.
2. Transcorrido o prazo de reclamacións a CIU comunicaralles por correo electrónico ás persoas interesadas a resolución definitiva.

3. A CIU proporá, para a súa aprobación no Consello de Goberno da UDC, a relación de profesorado seleccionado por cada rama na primeira reunión deste órgano que teña lugar despois da resolución definitiva desta convocatoria.
4. Os/as avaliadores/as seleccionados/as participarán nunhas xornadas de formación organizadas pola UDC en colaboración coa ACSUG.
5. Unha vez concluído o proceso de avaliación publicaranse os nomes dos membros dos comités.

CONSECUENCIAS DA PARTICIPACIÓN NOS COMITÉS DE AVALIACIÓN DOCENTE

Os membros dos CAD serán retribuídos de acordo cos criterios acordados entre a ACSUG e a UDC.

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou na extensión telefónica 1058.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado na páxina web:

http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia.

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR COMO MEMBRO DOS COMITÉS DE
AVALIACIÓN DOCENTE (PROGRAMA DOCENTIA)****APELIDOS E NOME****NIF****CATEGORÍA/CORPO****DEPARTAMENTO É AREA DE COÑECEMENTO****CENTRO****RAMA DO COMITÉ DE AVALIACION EN QUE SOLICITA PARTICIPAR**

A. ARTE E HUMANIDADES

B. CIENCIAS DA SAÚDE

C. CIENCIAS

D. CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

E. ENXEÑARÍAS E ARQUITECTURAS

ANOS DE ANTIGÜIDADE NA UNIVERSIDADE (QUINQUENIOS RECOÑECIDOS):**FOI AVALIADO MEDIANTE O PROGRAMA DOCENTIA?****QUE RESULTADO ACADOU?****EXPERIENCIA EN ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E DE XESTIÓN** (Achegar texto a esta solicitude)**Solicita**

Participar como membro dos Comités de Avaliación Docente (CAD) da actividade docente, de acordo cos criterios e o procedemento establecido no Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña con data 21 de decembro de 2010.

.....dede

Asdo.:

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA